



TITOR:

Dani Antelo é Licenciado en Comunicación Audiovisual pola *Universidade San Pablo CEU de Madrid*. Traballou durante 3 anos como operador de cámara e editor de vídeo para Firstborn Creatives e outras produtoras na cidade de Bristol, Inglaterra.

Á súa volta a Galicia participou en producións coma o documental *Blanco Amor* da produtora Danga Danga. Na actualidade imparte obradoiros de creación audiovisual e realiza traballos para entidades como o Concello de Pontevedra.


OBXECTIVO

O obradoiro **Aula Audiovisual** ten como finalidade a introdución dos mestres e mestras nos coñecementos teórico prácticos básicos do mundo audiovisual para o seu uso na aula.

Trátase de abordar todas as partes construtivas dun proceso creativo audiovisual, co obxecto de crear diferentes pezas. Daranse conceptos que axuden a ter unha base de coñecementos sólida sobre esta linguaxe como: tipos de planos, regras de encadre ou a guionización do noso proxecto. Ademais os mestres e mestras coñecerán técnicas de gravación e montaxe, para darlle forma audiovisual as súas ideas.

Deste xeito, este primeiro obradoiro estrutúrase en **2 módulos: Medios Dixitais e O Audiovisual Na Aula**. Estes dous módulos subdivídense en catro fases seguindo un proceso didáctico creativo: **asimilación de conceptos teórico prácticos, estruturación dunha idea, gravación e posproducción**.

Como **exercicios finais** de cada módulo, os mestres deberán realizar un traballo práctico: un **vídeo** para subir a **algunha das plataformas dixitais** e unha **vídeo reportaxe**, de temática a determinar polo conxunto do grupo ou grupos.



PROGRAMA

Módulo 1

MEDIOS DIXITAIS

- 1. PROGRAMA DE EDICIÓN (Movie Maker)**
- 2. Youtube, Vimeo e as RR.SS**
- 3. DSLR's , outras cámaras de pequeno formato e accesorios**
- 4. O teléfono móbil como ferramenta de gravación e accesorios**
- 5. Conceptos teóricos da linguaxe audiovisual: tipos de planos, cadro e a regra dos tercios**
- 6. Proposta creativa e estruturación**
- 7. Gravación, montaxe e subida a internet**

Módulo 2

O AUDIOVISUAL NA AULA

- 1. Usos do audiovisual na aula para profesorado**
- 2. Usos do audiovisual na aula para o alumnado**
- 3. Reportaxe: estrutura e obxetivos**
- 4. Preparar unha entrevista: as 6 W**
- 6. Speech a cámara e a voz en off**
- 5. A Escaleta**
- 7. Gravación e montaxe da reportaxe**



MÓDULO 1

MEDIOS DIXITAIS

Esta parte do obradoiro é unha primeira toma de contacto cá creación audiovisual. Empregaremos como ferramenta de gravación o teléfono móbil e o programa de montaxe **MOVIE MAKER**. Plantexaremos unha serie de exercicios creativos e divertidos, que van desde a proposta dunha idea ata a súa transformación nunha peza audiovisual.

Por outra banda, veremos diferentes formatos de **cámaras semi profesionais** que nos poden servir na nosa iniciación dentro do mundo audiovisual. Nós empregaremos unha cámara **DSLR Canon 600D** como exemplo, polo seu prezo e versatilidade. Mais veremos outras cámaras de pequeno formato tamén válidas como primeira ferramenta de rexistro de imaxes.

Outro apartado importante neste primeiro módulo é a análise do fenómeno de **YOUTUBE** como plataforma de contidos audiovisuais. Afondaremos na importancia do vídeo nas **redes sociais** e veremos tamén outras plataformas coma **VIMEO**.



MÓDULO 2

O AUDIOVISUAL NA AULA

Neste segundo bloque plantexaremos os diferentes usos do audiovisual como ferramenta didáctica e de exposición dentro da aula, tanto para mestres como para o alumnado. Neste eido faremos unha reflexión en grupo para sacar as nosas propias conclusións, mais abordaremos o xénero da **vídeo reportaxe**. Veremos **como preparar as preguntas para unha entrevista** e **como rexistrar imaxes** que sirvan para contextualizar a temática da nosa peza.

Para rematar o profesorado deberá gravar a súas pezas e montalas, así como a redacción dun guión ou escaleta que estructure o contido da súa reportaxe. Empregaremos de novo como ferramenta de traballo o móbil, mais incluiremos un micro profesional para rexistrar unha calidade alta de audio.



ORZAMENTO

AULA AUDIOVISUAL

Daríamos **4 clases** de **2 horas e media** cada unha. O prezo sería de **477€** por grupo (IVE incluído), para un máximo de **6 mestres**.

